

DESCRIPCIÓN

Microescena Lab é un espazo para a experimentación escénica onde as artistas poden presentar diferentes fases do proceso creativo.

O público asistirá a un itinerario artístico dividido en dous equipos cos que transitará a través das catro pezas breves que ocuparán os distintos espazos que ofrece a propia arquitectura da Morada, onde todo é susceptible de convertirse en escenario. Unha experiencia de creatividade e aprendizaxe, onde a comunicación entre público e creadoras acontece a través do non convencional, do ensaio e erro, da exploración.

OBXECTO

Buscamos propostas non rematadas, que estén nacente, ideas ou esbozos, esquemas ou escenas en andamiage, onde profesionais e persoas en período formativo das artes vivas fan partícipes ao público de diferentes fases do proceso creativo que conleva un proxecto escénico antes da súa estrea.

BASES

1. Este espazo é un laboratorio de experimentación escénica.
2. As propostas serán pezas en proceso, non rematadas nin estreadas.
3. A duración das propostas será de 15 minutos, non superando os 17, nin sendo inferiores a 12.
4. As propostas serán autoxestionadas. Dende a organización ofrecemos asistencia técnica básica e apoio loxístico, sen incluír mesa de son ou equipo de iluminación.
5. As propostas son para espazos non convencionais. Os espazos que ofrece a arquitectura da A Morada son os seguintes: entrada, barra, escaleiras, cocíña, sala-comedor, baños, sala de arte, sala de ensaio.

6. A Morada ten as súas portas abertas para que as artistas acudan a visitar e coñecer o espazo antes da reunión organizativa.
7. As xornadas fanse un venres pola tarde, ás 20:30 horas, cada dous meses, normalmente cara finais de mes.
8. Para a participación nas xornadas é obrigatorio asistir ás reunións previas de xestión e organización do evento que se fai coas organizadoras, as artistas participantes e unha representante da A Morada Cooperativa, espazo co-organizador que é a sede deste evento.
9. Ofreceráse ás artistas un bloque de dúas horas de ensaio (mínimo) na A Morada.
10. Ofreceráse a cea para as participantes na xornada do evento.
11. Haberá unha fotógrafa voluntaria e entregaráse o material gráfico ás artistas.
12. A participación non é remunerada.
13. Os cartos recadados polas entradas son destinados a colaborar co espazo de A Morada así como a pagar os gastos de produción do evento.

INSCRICIÓNS

A través do formulario que atoparás na páxina web e na BIO do noso instagram @microescena_lab

CONTACTO

www.hurleprods.com

microscenalab@gmail.com

IG: @microescena_lab

+34 620 564 187 / +34 698 150 780

PARTICIPAN

Un evento de: Hurlé prods.

Organizado por: Constance Hurlé e Isolda Comesaña

En colaboración con: A Morada Cooperativa